

UD 3

Cosmos, realidade e coñecemento en Platón

1.- Contextualización

1.1.- Contexto histórico

Platón nace no ano 427 a.C. dous anos despois da morte de Pericles. Dende o ano 479, a *polis* gozara dun período de estabilidade e progreso, pero a Guerra do Peloponeso que enfrontou as cidades helenas capitaneadas por Atenas ou Esparta (431-404), rematou con esta estabilidade. Contra todo prognóstico, Atenas, a cidade máis democrática, culta e aberta, perde a guerra contra Esparta, a máxima potencia militar pero moito menos democrática e permisiva. Isto trae nefastas consecuencias: Atenas queda baixo un “protectorado” de Esparta; son expulsados ou condenados todos os intelectuais e políticos democráticos e imponse o chamado soben ao poder o goberno dos trinta tiranos, formado por membros do partido aristocrático. Entre eles figuran amigos e familiares de Platón pero Platón, a pesares de ser un aristócrata, non tolera os abusos do novo goberno e terá grandes desacordos con eles. A democracia restaurase en poucos anos en Atenas pero en breve prodúcese un acontecemento que terá enorme importancia na traxectoria intelectual de Platón e que o marcará para sempre; condénaa á morte de Sócrates no ano 399.

Platón viviu pois, unhas circunstancias históricas extraordinariamente convulsas. E a súa filosofía é unha resposta á decadencia e ao desorde que lle tocou vivir. A súa admirada Atenas desmoronábase ante os seus ollos. Como era posible chegar a esta situación despois do esplendor anterior? Platón atribuíu a causa da decadencia á ignorancia de cidadáns e gobernantes que imposibilita a Xustiza. Apostou pola educación filosófica dos gobernantes que deben guiar aos demais dende a súa sabedoría. A súa filosofía responde a esta intención.

1.2.- Contexto cultural

Como vimos de dicir, o século V.ane. foi a época de maior esplendor de Atenas, na que floreceron sen igual a democracia, a filosofía e as artes. Trátase da verdadeira idade de ouro da humanidade.

En escultura abandónase o carácter solemne e ornamental da época anterior e existe unha tendencia para plasmar o sentimento, o momento fugaz. En literatura aparece a biografía como xénero e a prosa gaña terreo á poesía. A traxedia aproxímase á linguaxe cotiá e representa temas actuais nos que importa máis o perfil psicolóxico das personaxes que a acción mesma.

Fúndase a Academia platónica pero tamén a Escola de Isócrates. Ambas pugnan pola hexemonía espiritual no campo da educación e da cultura. A Academia cimenta o ideal educativo no coñecemento duns valores supremos, mentres que na Escola vira sobre a retórica. Toda a xente libre de Atenas (novos e vellos) asisten a estas clases.

1.3.- Contexto filosófico

As principais influencias filosóficas recibidas por Platón son os presocráticos: Heráclito, Parménides, Anaxágoras e o pitagorismo (Platón foi un pitagórico na súa xuventude). A parte, claro, do seu mestre Sócrates e os seus adversarios os sofistas.

O primeiro mestre de Platón foi Crátilo, que fora discípulo de **Heráclito**. Del tomará a súa concepción do mundo sensible como un perpetuo devir, aínda que coa diferenza fundamental de que para Platón trátase dun mundo que non é verdadeiramente real. De **Parménides** herdará todo o seu pensamento excepto o monismo e o materialismo: as ideas de Platón non son unha como o Ser, son múltiples pero posúen os mesmos trazos que o Ser de Parménides; as ideas platónicas non conteñen materia, Platón librase dos restos materiais de Parménides, Platón é o primeiro gran idealista. A epistemoloxía platónica tamén ten a Parménides como precedente, coa súa Vía da Verdade e a súa Vía da Opinión, a primeira reservada á razón e a segunda aos sentidos. O **pitagorismo** foi o outro referente continuo da súa obra, en aspectos como a importancia concedida ás matemáticas, a inmaterialidade dos números, a orixe celeste e preexistencia das almas, a crenza na inmortalidade da alma, a doutrina da reencarnación, a concepción dualista do home e a consideración do corpo como sepulcro ou cárcere, e a necesidade de liberar a alma.

Pero sen dúbida a influencia máis profunda e determinante de Platón, é a de **Sócrates**: o intelectualismo moral, a valoración da razón fronte ao mundo cambiante das opinións, o universalismo dos conceptos, a concepción da filosofía como permanente diálogo, e a preocupación pola política e pola educación do cidadán.

A referencia aos **sofistas** é inevitable, pois sen eles non se entenden moitas das ideas platónicas que testemuñan o seu desacordo e rexeitamento. O enfoque diverxente abarca practicamente todos os ámbitos: se Platón móvese nunhas coordenadas dogmáticas, absolutistas, racionalistas, aristocráticas e innatistas, os sofistas, fano nunha liña escéptica, relativista, democrática e convencionalista.

1.4.- Vital

De familia aristocrática (era sobriño dun dos maxistrados máis importantes da *polis*) nace e vive en Atenas durante os séculos V e IVane. Tivo unha esmerada educación primeiro como pitagórico e despois da man do seu mestre Sócrates ata que este é condenado a morte de maneira irregular pola *polis*. A inxustiza cometida co seu mestre marca o pensamento platónico enfocado dende entón, á procura da luz da razón como única verdade para combater as inxustizas dos malos gobernantes.

Platón pensaba que os males do SH, tanto individuais como colectivos, só rematarían cando os filósofos se puxeran a gobernar porque só pola sabedoría chégase a bondade necesaria para gobernar sen errar (sen cometer inxustizas). Todo o seu pensamento é a creación dun sistema ético e socio-político encamiñado a este obxectivo. Pero Platón non só o pensou senón que intento levalo á realidade por dúas veces en Siracusa (Sicilia) aínda que non o conseguiu. A cambio foi apresado, feito escravo e vendido; e podería ter morto se os seus amigos non o axudaran.

Finalmente puido retornar a Atenas. Neste momento empeza a súa filosofía máis madura; funda a **Academia** a primeira escola de filosofía que durará ata o século XVI. Nestes últimos anos da súa vida Platón revisa todo o seu pensamento e da a volta á maioría de ideas clave do seu pensamento.

1.3.- A obra de Platón

Todas as obras de Platón están escritas en forma de **diálogos** é dicir conversacións entre varios personaxes. Unha personaxe recorrente destes diálogos é Sócrates; Platón o utiliza para dar prestixio as súas obras e pon en boca do mestre os seus propios pensamentos. Nos diálogos recóllense opinións opostas ao seu modo de pensar e, a través das conversacións que vanse producindo, fai que as personaxes entren en contradición con elas mesmas ata que queda demostrada a súa “ignorancia” e queda consolidada a “postura” platónica.

A obra máis extensa e seguramente a máis importante de Platón é **A República** (IX volumes) con unha finalidade política: esclarecer que é a xustiza, como deben ser os gobernantes e como debe estruturarse a sociedade ideal. A República é seguramente a primeira utopía política da historia.

Os diálogos platónicos divídense cronolóxicamente en catro grupos:

- Os de xuventude: son obras nas que pesa por enriba de todo o pensamento do mestre como a *“Apoloxía de Sócrates”*
- Os de transición: aparecen as primeiras ideas platónicas
- Os clásicos: Platón despreza todo o pensamento máis coñecido. *“Menón”, “Fedón”, “República”, “Banquete”, “Fedro”*.
- Os revisionistas o de vellez: Platón cambia totalmente o seu pensamento tanto en metafísica como en epistemoloxía. Os diálogos vólvense escuros e de difícil comprensión. *“Parménides”, “Teeteto”, “Sofista”, “Político”, “Timeo”, “Critias”, “Filebo”, “Leis”*

2.- Ontoloxía: A Realidade platónica

2.1.- Contra o relativismo

A ontoloxía platónica non se entende sen inserila na realidade socio-política que lle tocou vivir. Xa dixemos que a Atenas de Platón ven de iniciar a súa decadencia. Os sofistas trouxeron o relativismo que consistía en pensar que non existe unha única verdade senón que esa é froito do punto de vista de cada quen; en consecuencia tampouco existe un saber obxectivo nin unha verdade única; tampouco existen uns valores éticos universais e eternos senón que serán distintos segundo épocas, culturas ou acordos.

Sócrates, contemporáneo dos sofistas, entendeu o relativismo como un grave perigo para os valores sobre os que se erguía o mundo heleno e un deterioro das persoas e da sociedade por iso opúxose a eles. Platón seguiu ese mesmo punto de vista e intentou demostrar que debiamos deixar atrás as nosas sensacións e opinións xa que poden ser enganosas, e camiñar na procura da verdade aínda que isto custe un esforzo. Para Platón existe unha verdade única e obxectiva e para argumentar este pensamento construíu un complexo sistema filosófico no que coexisten dúas

realidades, a aparente e a real. Máis aló da transcendencia do seu sistema filosófico, Platón está protexendo unha estrutura social establecida que estaba ameazada polo relativismo sofista.

2.2.- A Teoría das ideas

Platón defendeu que existían dúas realidades ontolóxicas distintas ou dous ámbitos da realidade. Isto denomínase **dualidade ontolóxica**.

Por unha parte existe o **mundo sensible** formado por as cousas que percibimos cos nosos sentidos. Este mundo é material, nel as cousas son imperfectas, inacabadas, precederas e están en constante cambio e transformación. Este mundo e o mundo das aparencias porque as cousas “aparentan ser” pero en realidade non son. Por tanto podemos dicir que é o mundo do non-ser. Forman parte de este mundo todas as cousas que coñecemos tanto as naturais como as creadas polo SH (tanto unha paisaxe como o debuxo que podemos facer desa paisaxe).

A outra realidade é o **mundo intelixible** ou mundo das ideas, das formas ou das esencia. Nesta realidade só habitan as realidades suprasensibles. Este mundo está separado do mundo material e componse só de cousas inmateriais que non se poden captar polos sentidos (son invisibles para eles); cáptanse só pola razón. Neste mundo habitan as “formas”, “modelos” ou “esencias” das cousas sensibles. A diferenza das cousas, as esencia son universais, eternas, perfectas e inmutables porque non están sometidas a ningún cambio. Platón chama moitas veces a estas esencia “ideas” e a esta realidade **mundo eidético** en contraposición ao outro que é o mundo das cousas.

Existen “ideas” de todas as cousas, así temos unha idea de Ben, de Bo, de Xustiza, de Beleza; pero tamén de cousas comúns como de cabalo, casa, rato, pelo, etc. Estas ideas están estruturadas seguindo unha xerarquía, non todas son iguais, existen ideas máis importantes que outras. As ideas de cousas copiadas (un debuxo, un reflexo) serían as máis baixas; as das cousas materiais as seguintes, despois estarían as ideas de obxectos matemáticos e xeométricos, e finalmente estarían as ideas de cousas abstractas como a Beleza, a Xustiza, a Nitidez. A idea de Ben está na cúspide da pirámide, é a esencia máis perfecta de todas (unha idea que o cristianismo identificará con Deus).

A Teoría das Ideas de Platón é unha teoría metafísica/ontolóxica xa que describe a realidade (o que hai, o que existe) e como se formou (teoría do Demiurgo); pero tamén é unha teoría epistemolóxica e ética. É ética porque non só explica a realidade dividida en dúas partes senón que as califica: existe a parte auténtica, a que existe (ten ser), na que reside a verdade; e a parte falsa ou aparente (na que non hai ser), que é o mundo superficial. É tamén unha teoría epistemolóxica porque cada parte ten unha maneira de ser coñecida: a primeira é de moi difícil acceso e só se chega a través da razón polo estudo e o esforzo; en cambio a realidade sensible é de fácil acceso a través dos sentidos pero só nos leva á confusión e engano porque non é real, non ten ser.

A pesares da aparente orixinalidade da ontoloxía platónica, o filósofo só fai que recoller e reformular o mundo presocrático. As dúas realidades platónicas son os mundos de Parménides e de Heráclito. O mundo eidético é o Ser de Parménides; e así como para este, o Ser era o único que existía, a única realidade e non se podía saír del porque non había nada fora; de igual maneira,

para Platón, non existe outro mundo que o mundo das ideas e todo o demais tampouco ten ser (non ten realidade). As ideas platónicas son o Ser; o único que cambia é o número: mentres o Ser era só un, as ideas son moitas. E todo o que non é o Ser de Parménides é o mundo de Heráclito. O mundo sensible é o cambio, a fuga, a non permanencia, a corrupción, a aparición e a desaparición da que falaba aquel. Platón, que evidentemente é máis parmenidiano que heraclitiano, di do mundo sensible que non existe, que é un “fluxo” constante irreal; é o mundo das aparencias é o do non-ser. De Parmenides tamén recolle as “vías” de coñecemento: a “vía da verdade” é a razón platónica que serve para coñecer o mundo eidético e nos leva ao saber (ao Ser); e a “vía da opinión” é o coñecemento a través dos sentidos que é un camiño sen sentido que sempre nos leva ao erro porque confunde o ser cas aparencias.

2.3.- A relación dos dous mundos

A existencia de dúas realidades paralelas autónomas xera inmediatamente o problema de que relación se establece entre elas. Este é un dos puntos débiles do sistema platónico e polo que será atacado polo seu ilustre discípulo Aristóteles. Durante toda a súa vida Platón intenta solucionar este problema oscilando entre a imitación, a participación e o amor, sen conseguilo.

Segundo a **teoría da participación** as cousas sensibles “participan” en algún grado das ideas, é dicir conteñen en si mesmas unha parte das ideas que son os arquetipos ou modelos. Xa sabemos que as cousas son mutables e precederas pero en tanto que participan das Ideas que son perfectas e eternas, parécenos que teñen ser. Por exemplo, no mundo sensible vemos cousas que nos parecen belas; son cousas distintas entre elas pero todas teñen algo en común algo que fai que as denominemos belas. É a participación da idea de beleza. Ningunha das cousas belas do mundo sensible, é totalmente bela porque a Beleza absoluta só existe no mundo das formas. O problema que non resolve é que: se participan de esa idea, en algún grado deberían ter ser (é dicir serían un pouco). Na **teoría da imitación** funciona moi parecido: as cousas sensibles “imitan” en maior ou menor medida unha Idea. Canto mais a imite máis se “parece”. Non son a idea son a súa copia; pero novamente: unha copia non é a cousa pero ten ser.

Así explicado xa queda claro que o mundo realmente importante para Platón é o das Ideas, e que o mundo sensible en realidade, é unha mera copia mediocre do outro. Por tanto o mundo das Ideas é anterior, máis auténtico, máis verdadeiro e máis importante que o mundo sensible que depende e só existe na medida que existe o primeiro.

No diálogo **O Timeo**, da última época e bastante complexo, Platón narra a súa interpretación do mundo e como se estableceu esta relación entre os dous mundos. Faino a través do **Mito do Demiurgo**. Para os gregos, era impensable concibir un espazo baleiro e por tanto o concepto de creación (o paso da nada ao algo; ou do non-ser ao ser) éralles absolutamente alleo. Pensaban que o Universo era eterno no tempo e que por tanto existía dende sempre. Platón, como bo heleno, compartía esa idea de eternidade, pero non pensaba que o cosmos sempre fora como na actualidade. No *Timeo* narra que nunha orixe, existía só a materia caótica, imperfecta e sen forma; é a **materia primeira** (lembramos que non poden pensar un espazo que non estea ocupado por algo). A partir desta materia primeira unha especie de artesán (o Demiurgo) ou “facedor” (un sabio

bo) modelou todas as cousas do mundo sensible inspirándose nas ideas xa existentes, é dicir, **imitounas**. É por iso que as cousas parécense moito ás Ideas pero son inferiores porque están feitas de materia imperfecta e por unha man imperfecta. As cousas son algo porque teñen materia, pero non son porque non teñen esencia (a súa esencia está no mundo das ideas). Este mito é só unha narración simbólica coa que explicar a orixe do mundo.

Cando os teólogos da Idade Media intenten explicar a figura de Deus, toparán con esta versión platónica dun primeiro “facedor” do mundo. Parecelles unha idea inspiradora pero o Demiurgo non era un Deus porque, en realidade, non creaba nada: as Ideas xa existían e a materia da que está feito o mundo tamén. Por iso non lles valía. O Deus cristián tiña que ser un deus creador que fixera xurdir o mundo dende a nada e sen estar suxeito a ningún modelo preexistente. As Ideas platónicas transfórmanse en Razón Divina e desaparece a materia primeira, a creará Deus da nada.

3.- Teoría do coñecemento (Epistemoloxía)

3.1.- Dúas maneiras de coñecer

A teoría do coñecemento platónica é absolutamente coherente con a súa ontoloxía: así como existen dous mundos ou dúas realidades, tamén existen dúas maneiras de coñecer, cada unha propia de unha realidade. Podemos dicir que o **dualismo ontolóxico** trae **dualismo epistemolóxico**.

No mundo sensible coñecemos a través dos nosos **sentidos**. Os sentidos, en tanto que forman parte do noso corpo e son materiais, só son capaces de “coñecer” o cambiante, o imperfecto, o irreal. Non poden coñecer a verdadeira realidade (non “ven” máis alá do aparente). En cambio no mundo das Ideas coñecemos a través da **razón** que coñece a realidade das esencia das cousas, das Ideas, do realmente verdadeiro. O coñecemento que nos proporcionan os sentidos é a **doxa** (opinión) e en realidade non é coñecemento; o que nos proporciona a razón é a **episteme** (ciencia=saber auténtico). Chegar ao coñecemento da razón costa un esforzo, temos que deixar atrás a doxa e saber mirar cos ollos da razón.

Os sentidos e a razón son dúas maneiras de coñecer do SH. Platón opta claramente pola segunda en detrimento da primeira. A historia da filosofía ata o século XVIII é un debate aberto sobre este tema.

3.2.- Os grados do coñecemento (alegoría da liña)

O **símil da liña** ou alegoría sobre os grados de coñecemento, aparece na *República* e con el intenta explicar os diferentes grados de verdade do coñecemento. Platón pide que imaxinemos unha liña partida en dos fragmentos; dun lado da liña representaremos os grados de realidade das cousas e do outro os niveis de coñecemento que lles corresponden. Se partimos a liña á metade, temos que o tipo de coñecemento que se corresponde con o mundo sensible é a doxa, mentres que o tipo de coñecemento que se corresponde con o mundo intelixible é a episteme.

Se nos centramos no segmento da liña que corresponde ao mundo sensible, atopamos dúas cousas: imaxes e cousas (a foto do gato Félix e o gato Félix). As imaxes das cousas son o chanzo máis baixo de realidade e o coñecemento que lles corresponde é a **eikasia** (conxecturas, opinións, nada real nin fiable). As cousas son o seguinte chanzo, son máis reais que as súas imaxes pero

tamén enganosas, o coñecemento que lles corresponde é a **pístis** (estudo da materia). Eikasía e pístis non son realmente coñecemento para Platón son só opinións (doxa).

Se pasamos a analizar o segmento da liña correspondente ao mundo intelixible, tamén atopamos dous grados de coñecemento: o máis baixo son todos os obxectos matemáticos e xeométricos que son coñecidos por a **diánoia** (coñecemento matemático). A diánoia é coñecemento porque as ideas matemáticas están no mundo eidético e non dependen do mundo sensible, pero aínda non son o grado máis alto de coñecemento. No grado superior do mundo intelixible atopamos as Ideas (o único real) que son coñecidas como **nóses**. A nóses é o nivel máis alto de coñecemento que pode acadar o SH e podemoslle chamar tamén dialéctica (a lembrar este concepto que terá unha importancia fundamental no futuro filosófico). A nóses ou dialéctica consiste no verdadeiro coñecemento das Ideas, non é coñecemento de cousas nin de obxectos matemáticos ou visibles. Pero como non todas as Ideas son iguais, tampouco o coñecemento delas é indiferente: lembremos que as Ideas organízanse xerárquicamente sendo o cume a Idea de Ben; tamén o SH deberá ascender neste coñecemento da noeses; aquel que chegue ao coñecemento da Idea máis pura de todas será o máis sabio pero tamén o máis bo porque estará a contemplar (comprender) a Idea de Bondade. A dialéctica consiste nese proceso de ascenso.



3.3.- Teoría da reminiscencia e da alma

Platón cría que coñecer éra lembrar. Se rechazaba os sentidos como medio de coñecemento tiña que supoñer outra maneira. Pensa que as Ideas da razón xa están en nós dende sempre (por que senón é así, de onde virían?) Por iso no *Menón*, *Fedón* e *Fedro* explica a teoría da reminiscencia. Platón cría que o SH era un composto de corpo e alma (**dualismo antropolóxico**). A nosa alma era eterna e antes de vivir dentro do noso corpo tivo outra vida na que pertencía ao mundo das Ideas. Alí podía contemplar as Ideas e por tanto as coñecía. Cando esa alma desprendeuse das as e non

puido voar máis, caeu ao mundo sensible, introdúcese nun corpo e a materialidade deste fixo que se esqueza de todo o que sabía. O SH convérteuse así, nun ser inculto que vive inmerso nas sombras do mundo sensible. Pero como as cousas parécense as Ideas (as imitan ou participan delas) o SH recoñece lumaradas de reminiscencias anteriores. A misión do SH é ascender nese coñecemento desprendéndose do mundo sensible e ascendendo con esforzo polo intelixible ata rememorar a Idea de Ben que xa coñeceu noutra vida. Polo tanto para Platón todo o coñecemento está en nós ao nacer, non coñecemos nada novo, todo está xa na nosa alma, o único que facemos é lembralo. Para comprender ben a teoría da reminiscencia é imprescindible coñecer a antropoloxía platónica e a súa teoría da alma.

3.4.- O Mito da caverna

O famoso mito platónico é un método platónico para explicar a súa teoría do coñecemento.

O mito presenta unha cova na que están presos uns escravos dende o nacemento (somos todos nós). Atados con cadeas (son os nosos sentidos) só poden mirar ao fronte (só podemos “coñecer” a través deles). Os escravos non ven cousas (ideas) só ven sombras (as cousas do mundo sensible), pero como nunca viron outra cousa eles cren que as sombras son as cousas reais (igual que nós pensamos que o mundo sensible é o real). Un día, un escravo consegue liberarse das cadeas (sente a necesidade de saber máis) e arrastrase pola cova (gran esforzo de estudo e afastamento do mundo dos sentidos) consegue saír ao exterior (chega a alumar o mundo das ideas). Inmediatamente a luz cegadora do sol (a verdade) impídelle ver (non comprende nada) e sente ganas de volver á cova (volver a súa zoa de confort e renunciar ao saber). Pero saber que existe o mundo exterior (o mundo verdadeiro) xa fai imposible o retorno. O escravo con moito esforzo (traballo, estudo, renuncia) pouco a pouco vaise acostumando á luz exterior. Primeiro ve sombras (ideas máis fáciles de entender), despois ve as cousas (resto de ideas) e finalmente pode contemplar o sol (a verdade, a bondade; a idea do Ben identifícase con Deus que é o máximo saber).

Unha vez contemplado o Ben, ningún SH pode facer como que non o coñece, así que o escravo volve á cova para informar e guiar aos seus compañeiros (importancia fundamental do ensino) cara á luz (a verdade). Evidentemente os escravos cas súas cadeas (ignorancia), non queren seguir ao sabio e incluso ameazan con matalo pero el debe insistir (os filósofos deben gobernar).

